

PEZA DO MES

maio

2008



ESCUDO DE OURENSE



O TELLADO DO MATADOIRO E A BARRONCA EN 1899

ESCUDO DE OURENSE

Este bloque de granito, 80 x 70 x 18 cm, que presenta nunha das súas caras, nun relevo ben coidado e de grande calidade, as armas da Cidade de Ourense ingresou no Museo por doazón do Concello de Ourense o 25 de abril de 1945, co rexistro nº 2647.

A súa situación orixinal era moi destacada, xa que definía a titularidade dun edificio singular na vida urbana, o antigo matadoiro das Burgas, construído no século XVI como nos informa dona Olga Gallego no súa visión de Ourense a través dos séculos, e que se mantivo en pé ata o seu derribo.

As armas da Cidade de Ourense, que son as representadas, levan un león rampante, coroado, a esquerda, coa cabeza virada á dereita, empuñando unha espada, e a lenda POR EL REI nunha fita en xefe. Ao pé, fora do escudo pero no mesmo perpiño, a data: ANO— 1585.

A calidade e coidado da labra da pedra advírtese no elegante deseño do escudo, na execución técnica e formal do traballo e da representación heráldica, na súa disposición e formas: a figura ocupa plenamente o campo, se destaca a lingua, garras, melena e cola do león, a coroa e mesmo a espada. Esa calidade ten a súa circia correspondencia noutras representacións do escudo noutros exemplos, de data próxima, que tiveron ou teñen o mesmo papel identificativo, sinalizar a titularidade municipal en edificios institucionais (a Alfondiga, na esquina da Praza dos Coiro ou de San Marcial), servizos públicos (Fonte do Rei) ou representativos (As Burgas).

Por que escolleu a Cidade de Ourense esta representación como as súas armas?


Cómpre situarse no tempo e nas circunstancias. No ano 1122, dona Teresa outorgáballe o señorío da cidade ao bispo don Diego Velasco e á súa igrexa co fin de darlle recursos e favorecer o seu crecemento, así como a capaci-

dade de por e nomear xuíces, o que obrigaba aos veciños a aceptar a submisión aos mandatos episcopais. Pouco despois, en 1131, Alfonso VII dalle novos privilexios e lle aumenta o couto. Os veciños do “auriensem burgum” crearon e pronto rexeitaron esa situación e loitaron por ter un recoñecemento propio, pois aínda que se recoñecía ao Concello como organismo independente, estaba suxeito ao señorío episcopal. O concello pretendeu estar só submetido ao Rei, negando a autoridade do bispo. Nalgúns momentos obtiveron o recoñecemento real, sobre todo en períodos de conflito dinástico en que cada bando procuraba os apoios necesarios para os seus obxectivos. Así sucedeu a mediados do século XIII, coa sucesión de Alfonso X; nas loitas entre Pedro I e Enrique II, coas avinzas co bispo don Pascual García; nos anos vinte do século XV, cos episodios co bispo Francisco Alfonso; na guerra irmandiña, xa nos mediados do mesmo século, entre outros moitos episodios.

As testemuñas da existencia dun selo do concello coas súas armas son xa de 1259, cando os representantes do concello presentan as súas queixas ao rei Alfonso X contra o bispo, entre outras que os mordomos do bispo teñen o selo do Concello e non autorizan as cartas deste sen lelas previamente. Pero as primeiras evidencias dun selo do Concello son xa do século XV, concretamente de 1447, e mostra un león, pasante á dereita, que empuña a espada, ao redor unha lenda co lema CIBDADE: ORENSE TIMES DEUM :. E esa mesma situación da que nos fala o documento de 1259 axúdanos a entender as figuras heráldicas do selo e tamén, aínda que non se coñeza a imaxe do máis antigo, fainos supor que sería moi semellante ao do século XV: o león é o rei, son as propias armas reais, as que el mesmo concede ao longo do século XII a algunhas cidades do seu reino e que outras adoptan ao longo dos séculos seguintes, as que reclama a cidade de Ourense ao querer ser reguengo; a espada é a xustiza e a soberanía, a representación abstracta e alegórica da rectitude de xuízo e autoridade propia. As demandas do Concello, deixar o señorío do bispo e pasar ao reguengo e ter capacidade para administrar xustiza e exercer a propia soberanía na cidade, son as mesmas no século XV que nos mediados do século XIII, e as alternativas, as loitas e as avinzas entre o bispo e o concello serán a constante durante tres séculos como vai dito.

A lenda que rodea ao motivo central do selo no século XV, expresa a mesma realidade, a cidade é temerosa de Deus, pero de ninguén máis, de ningún home, e recorre á cita bíblica como valor simbólico engadido. A substitución da lenda exterior polo lema incorporado no escudo: POR EL REI, está na mesma liña, pero máis apegada a realidade cotiá e vai da man da teimuda loita xudicial que o Concello mantén dende finais do século XV e ao longo do XVI para obter o reguengo, o que por fin consegue en 1624.

Esa representación consolidada mudou co tempo, primeiro con modificacións liviáns, como exemplifican as mostras labradas do escudo e, sobre todo, as improntas dos selos



SITUACIÓN DO MATADOIRO SEGUNDO O PLANO DA ESTRADA VILLACASTÍN A VIGO. 1841

concellis ata os comezos do século XIX en que se incorporan outros elementos. Probablemente as novas circunstancias deste momento histórico e as ideas de certos grupos encontraron na definición dunhas novas armerías, no tempo da constitución dos “Ayuntamientos” en 1833, no marco das novas divisións administrativas, a ocasión de expresar outros sentimentos, sen desbotar totalmente a imaxe tradicional. Así se incorporan outros referentes cívicos, como a Ponte, en principio de cinco arcos, logo reducidos a tres, e unha torre. Finalmente, en datas máis recentes se promoveu a súa simplificación lineal e transformación nun “logo” máis acorde coas actuais tendencias da imaxe corporativa, que ten nas armerías históricas a súa mellor e máis doada representación.

O edificio do que procede, o antigo matadouro, era unha das obras públicas máis necesarias no seu tempo. Logo das desfeitas provocadas pola “Guerra irmandiña”, na cidade xurdíu un movemento urbanístico renovador, tanto de iniciativa municipal como individual, que ten os seus alicerces nos anos finais do século XV e que se estenderá durante todo o século XVI. As demandas do Concello de mellorar as rúas e as portas da cidade, as novas construcións urbanas dos nobres, escudeiros e comerciantes, crearon tamén necesidades hixiénicas de carácter xeral. Xa en 1509 os xuíces Vasco Gómez e Pero Vázquez de Puga elevan un Memorial ao Rei pedíndolle facer diversas obras, solicitude que o xuíz Pero Hernández reitera bastantes anos despois, en 1565, en que expón a necesidade de construír un matadouro, xa que *“de matar en el pueblo redunda gran daño al pueblo e vecinos y se enfiçiona el pueblo de que se subçede gran mortandad los mas de los años y se despobla el lugar”* (alusión ás reiteradas epidemias e pestes que asaltaron á cidade ao longo do século), pero aínda seis anos máis tarde as obras estaban comenzadas pero sen rematar, a xulgar pola afirmacións do testamento do carpinteiro Francisco de Arce en abril de 1571: *“...yo e Francisco de Samanza*

tomamos la obra del matadero desta ciudad e hicimos lo questa hecho e para esto recibimos ciento y beynte ducados”. E de feito, pouco despois, no mes de maio, o xuíz Gonzalo Rojés, cos rexedores e procurador xeral da cidade, logo de manifestar que non se atoparan oficiais para rematar a obra, concértanse con Pedro de la Vega para que faga as obras, o que se fai logo, non sen que pasen algúns anos de acordo coa data que figura no escudo, como se precisa no contrato, xa que entre as obrigas fixadas figuraban *“a de facer unha parede e sobre ela e na portada sobre a horta e parede que estaba feita, construíría un sobrado que teña as augas que caían na praza e dianteira do matadouro. Faría tamén dúas fiestras de asiento, ben labradas e escodadas”*, pois o resto da parede era de mampostería. E, no que a nós máis nos interesa, *“poría na dianteira do matadouro dous escudos de armas, un coas armas reais e outro coas armas da cidade”*. Ademais, lousaría de pedra ben labrada todo edificio, desnivelado dereito ao regato e canos para expeler o sangue, disposicións coidadosas e que coa localización no remate do regato e o máis alonxado das fontes e próximo xa ao Barbaña favorecía a eliminación dos residuos cun uso razoable dos recursos. Os planos da traza da estrada de Vigo, en 1861, permítenos coñecer a súa exacta localización e disposición xeral da zona.


O escudo mantívose no edificio ata o seu derribo en 1927, ao construírse o novo matadouro e a Praza de Abastos, sendo arrumbado con outros materiais de canteiría para as obras de ampliación do edificio do Concello. Polo risco da súa perda, don Xaquín Lorenzo suxeriu o seu traslado ao Museo, o que, logo das xestións realizadas por don Basilio Osaba, se acadou, ingresando nas coleccións por doazón municipal como ficou dito.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE